XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

XACOBEO 2010 Galicia

# FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/65-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2010 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA |
| **Plan explotación**(1) | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE PENEIRA |
| **Réxime** (2) | LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO |
| **Modalidade** (3) | MERGULLO EN APNEA |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Peneira (*Haliotis tuberculata*) |
| **Ambito do plan** | De punta Salinas a punta Quilme, Areoso, Camallón, Punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo. |
| **Subzonas de explotación** | |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Mergulladores/habilitación |
| - | 12 | 28 |
| **Ampliación do número de permex** (4) | **Non** | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| - | - | - |

| **Calendario de explotación** | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 30 | | | | | | | | | | |
| **Época y zona probable de extracción** (5) : de xaneiro a marzo e de novembro a decembro. Ámbito do plan. | | | | | | | | | | | |
| **Modalidade**(3)**:** mergullo en apnea. | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
| X | X | X | | | | | | | | X | X |

| **Topes de captura** | | | |
|---|---|---|---|
| Especies | **A pé** | **Embarcación/día** | **Mergullador enrolado e a bordo/día** |
| Peneira | | 15 kg | 5 kg |

| | |
|---|---|
| **Arte ou técnica de extracción** | Mergullo en apnea |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Areoso, Arnela, Roncadeiras e na lonxa da Illa de Arousa. |
| **Puntos de venda** | Lonxa da Illa de Arousa. |

| **Accións a realizar** (7) | **Epocas probables** (8) | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións** [9]

**Zona de traballo**: Este plan no se desenvolveu dende a súa aprobación, polo que se aproba como zona de traballo a mesma que a aprobada en anos anteriores, e dicir de Punta Salinas a Punta Quilme, Areoso, Camallón, Punta Testos, Punta Niño do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo. Á ampliación da área a explotar incluíndo o Xidoiro pedregoso, Xidoiro areoso, Illote Corbeiro, Illote Rúa, Lobeiras, As Touzas, Mexos e Esqueiro, xa foi solicitada en anos anteriores e non foi concedida. A confraría de A Illa ten unha autorización en Illote Areoso ou Xidoiros de 90.000 $m^2$ para ameixa e navalla, pero que non consta delimitada en plano. A explotación de todo o perímetro de Xidoiro areoso e do resto da área para a que se solicita ampliación, que son zonas de libre marisqueo, requiriría da conformidade de tódalas entidades interesadas na zona de explotación ou no seu caso a renuncia de cada unha delas de acordo co disposto na Lei 6/1993, de 11 de maio, de pesca de Galicia (artigo 42). Esta documentación non figura no plan.

Recoméndase que o colectivo de mergulladores planifique a súa actividade de xeito que non interfira co resto do marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé, dado que traballa en áreas comúns coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade.

**Participantes**: o número de embarcacións é de 12 cun total de 28 cotas, ao igual que nos anos 2008 e 2009.

**Calendario**: tendo en conta o nulo desenvolvemento do plan mantense o mesmo número de días co autorizado para o ano 2009: 30 días.

Tendo en conta que a avaliación da que se dispón foi efectuada en data 26.10.2005, e que non se teñen datos da evolución da pesqueiría, ao non haberse iniciado á explotación, é necesario, seguindo a recomendación técnica, que antes de que comece a extracción deste recurso se realice unha mostraxe que permita avaliar o seu estado actual co obxecto de evitar situacións de sobrepesca.

**Puntos de control:** Non se inclúe o Bao como punto de control por ser unha zona non incluída no ámbito do plan de explotación.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos

deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Actividade de mergullo:**

O informe da actividade de mergullo emitido en data 10.11.2009 é favorable para o mergullo en apnea, sempre que dito plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente, coas seguintes particularidades: ……………

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Explotación rotatoria por sectores, cun mínimo de 3 zonas de traballo. Poderían ser as mesmas subzonas que as do plan de explotación de navalla.
- Realizar controis periódicos das capturas, así como un seguimento da explotación necesarios para que o plan se desenvolva de xeito sostible.
- Indicar polo miúdo o funcionamento e responsables do punto de control
- Presentación do plan financeiro.